



Rua Fontán, 4-3º
15004 A CORUÑA
nif.: G-70414321

@ www.acouga.net
✉ acouga@acouga.net
☎ 981 113 402

ASOCIACIÓN GALEGA DE CONSUMIDORES E USUARIOS

AO INSTITUTO GALEGO DE CONSUMO

XUNTA DE GALICIA

En _____, a ___ de _____ de 2017.

<i>Reclamante:</i>	<i>DNI:</i>
<i>Enderezo:</i>	<i>C.P.:</i>
<i>Localidade:</i>	<i>Provincia:</i>
<i>e-mail:</i>	<i>Tfnos.:</i>

<i>Empresa Reclamada:</i>	
<i>Enderezo:</i>	<i>C.P.:</i>
<i>Localidade:</i>	<i>Provincia:</i>

Lugar e data dos feitos: _____

Expóñense os seguintes,

Descrición dos Feitos e consideracións xurídicas:

PRIMEIRO.- Dende o pasado 3 de febreiro de 2017, teño padecido unha prolongada interrupción da subministración eléctrica no meu domicilio, superándose con creces os valores establecidos na normativa sectorial.

SEGUNDO.- O artigo 44.1.h da Lei 24/2013, de 26 de decembro, do Sector Eléctrico define que os consumidores terán dereito a recibir o servizo cos niveles de seguridade, regularidade e calidade que se determinen regulamentariamente. No mesmo senso, o artigo 79.10 do Real Decreto 1955/2000, de 1 de decembro, dispón que todo consumidor ten dereito a recibir a subministración nas condicións mínimas de calidade nel establecidas (cf. arts. 104 e ss.).

TERCEIRO.- No ámbito que nos ocupa, a doutrina xurisprudencial establece que a responsabilidade da subministración é de carácter obxectivo, de modo que se non se garante o nivel de prestación determinado respóndese dos danos e prexuízos causados (SAP Madrid, Sección 8ª, de 26/04/2010).

A tal efecto, o artigo 147 do Real Decreto Legislativo 1/2007 manifesta que "*os prestadores de servizos serán responsables dos danos e prexuízos causados aos consumidores e usuarios*".

CUARTO.- Así as cousas, a devandita incidencia na continuidade da subministración supón un incumprimento contractual da súa obriga de subministración de enerxía eléctrica, de conformidade co artigo 1.101 do Código Civil, e que nun tempo tan prolongado como o acaecido produciu danos en bens de primeira necesidade refrixerados, sobretensións en aparellos electrónicos, así como tamén a imposibilidade de realizar tarefas básicas da vida cotiá (cociña, aseo, calefacción, comunicación -telefonía e internet-).

Dano real e moral que a efectos de indemnización se cifra prudencialmente na cantidade de 100 euros; ademais da aplicación, con carácter anual e dentro do primeiro trimestre do ano seguinte ao incumprimento, do desconto na facturación do consumidor conforme ao artigo 105 RD1955/2000.

QUINTO.- As interrupcións producidas na subministración eléctrica podíanse ter evitado cunha maior previsibilidade por parte da empresa eléctrica reclamada, encargada de dita subministración.

SEXTO.- Conforme establece o art. 40 da Lei 2/2012, de 28 de marzo, galega de protección xeral das persoas consumidoras e usuarias, os feitos descritos constitúen unha infracción moi grave de acordo do art. 64.30 da Lei 24/2013, de 26 de decembro, do Sector Eléctrico. Serve de exemplo a sanción imposta, por 10 millóns de euros, a causa da magnitude dos danos provocados a máis de 320.000 usuarios e a prolongación do incidente que non se resolveu ata pasadas máis de 48 horas, confirmada pola Sala Terceira do Tribunal Supremo, Sección 3ª, de 13 de xullo de 2015, rec. 1630/2012.

SOLICITA:

1º. Que se me indemnice por danos e prexuízos á cantidade de 100 euros que se cifra prudencialmente.

2º. Que se declare o dereito do usuario afectado pola interrupción da subministración á obter os descontos nas facturas dun 10% da facturación anual en orde ao art. 105 do RD 1955/2000, e polo tanto, que a empresa reclamada proceda a pasar por tal declaración.

3º. No caso de non prosperar a mediación polo IGC, que se traslade a reclamación prantexada á Xunta Arbitral de Consumo de Galicia para a súa resolución, comprometéndome a cumpri-lo laudo que, no seu caso, se dite. A tal efecto, Designo a efectos de notificacións, en virtude do art. 5.a) Lei 60/2003, o correo electrónico arriba referenciado.

4º. Subsidiariamente, e para o caso de que a empresa reclamada non se someta á arbitraje de consumo solicitada, que se inicie o correspondente procedemento sancionador se é o caso, para corrixir as irregularidades expostas.

Fdo. O Consumidor.